

Celanova un paseo pola historia de Galicia



Vilanova dos Infantes



Castromao



Capela de San Miguel



Casa de Curros



Celanova

Celanova

- Capela de San Miguel, (s X)
Monumento Nacional dende 1923
- Mosteiro de San Salvador (s XVI-XVIII)
Monumento Histórico Artístico dende 1931
- Casa natal de Curros Enríquez (s XIX)
Ben de Interese Cultural dende 1976

Castromao

- Xacemento arqueolóxico (s IV a C.)

Vilanova dos Infantes

- Conxunto Urbán de Interese Cultural
- Torre medieval (s XII)
- San Salvador de Vilanova (s XVIII)
 - Cristo románico (s XII)
- Santuario da Virxe do Cristal (s XVIII)
 - Imaxe da Virxe do Cristal
- Adega de San Vivían
- Centro Comarcal Terra de Celanova

Outros lugares de interese:

- Ponte Romana de Freixo
- Alcázar de Milmanda
- Ruta do Leboreiro
- Ruta Currosiana
- Petroglifos de Freixo

Hostelería

- Hotel Restaurante **Betanzos** (Celso Emilio Ferreiro, 7 32800 Celanova Tlf: 988451036/988432010)
- Pazo **A Fábrica** (San Paio de Veiga 32817 Celanova Tlf: 988432092)
- Rectoral de **Ansemil** (Lamas de Ansemil Celanova Tlf: 647961323)
- Restaurante **O Forno do Lito** (Praza das Pitas 32800 Celanova Tlf: 988432105)
- Restaurante **O Candil** (Celso Emilio Ferreiro, 11 32800 Celanova Tlf: 988451243)
- Restaurante **Airiños** (Emilia Pardo Bazán, 16 32800 Celanova Tlf: 988451624)
- Restaurante **Anros** (Encarnación, 18 32800 Celanova Tlf: 988431394)
- Restaurante **Arnoia** (Estra. de Ourense Carfaxiño Tlf: 988431453)
- Restaurante **A Torre** (Praza do Balcón, Vilanova dos Infantes Tlf: 988431739)
- Parrillada **Moreiro** (López Blanco, 19 32800 Celanova Tlf: 988451704)
- Parrillada **Pontegrande** (Estra. De Ourense Barxa Tlf: 988431455)
- Parrillada **Carfaxiño** (Estra. De Ourense Carfaxiño Tlf: 988432206)

Festas

- As Marzas (1 Marzo)
- Romaría Ethnográfica Raigame (17 Maio)
- Corpus (Xunio)
- Ramallosa (1ro fin de semana de Agosto)
- Folión Castrexo (Xullo/Agosto)
- San Roque (16 Agosto)
- Virxe da Armada (10 Setembro)
- Virxe do Cristal (15 Setembro)
- Romaría de San Cibrao (26 Setembro)

Información

Oficina de Información e Turismo
Praza Mayor, 1
32800 Celanova
Ourense
Tfno: 988.43.22.01
Fax: 988.45.16.23
E-mail: turismo@celanova.es
Web: www.celanova.es



Concello de Celanova


25. Tv.ía. de Manuel Lezón
26. Praza de Manuel Lezón
27. R/. Encarnación
28. R/. Ermida
29. Av. de San Rosendo
30. R/.Pepe Velo
31. R/.Faustino Míguez
32. R/.Cercado
33. Parque das Trigueirizas
34. Alameda
35. Irmáns Iglesias

13. R/. A Obra
14. R/. Colón
15. Praza Cervantes - [Praza das Pitas]
16. R/. San Roque
17. Tv.ía. San Roque
18. R/. Cesáreo Fdez. Losada - [Botica]
19. Praza do Rubí
20. Praza do Mediodía - [Praza do Millo-Cruceiro]
21. R/. Areal
22. Traseiras da Praza Maior
23. R/. Manuel Lezón - [Calle Abaixo]
24. Praza da Aira

1. Praza de León XIII - [Praza Maior]
2. R/. Emilia Pardo Bazán - [Paseo]
3. R/. Celso Emilio Ferreiro
4. Estra. de Mourillós
5. R/. Castor Elices
6. R/. Francisco González Rey
7. Estra. de Ourense
8. Av. López Blanco
9. R/. Venezuela
10. R/. Pedra da Moa
11. R/. Manuel Curros Enríquez - [Calle Arriba]
12. Tv.ía. Curros Enríquez

Lugares de interese

- A. Mosteiro
- B. Capela de San Miguel
- C. Xulgado
- D. Casa de Curros
- E. Cuartel da Garda Civil
- F. Pavillón Polideportivo
- G. Residencia da terceira Idade San Carlos
- H. Centro de Saúde
- I. Piscinas Municipais
- J. Capela da Encarnación
- K. Cemiterio
- L. Matadeiro Vello
- M. Mancomunidade
- N. Estación de autobuses



DE CASTROMAO ÓS POETAS, PASANDO POR SAN ROSENDO

Ainda que son varias as teorías sobre a orixe do seu nome, os termos iniciáticos do seu mundo son tan absolutos coma a orixe dos tempos, aqueles nos que a Galicia prerromana vivía e se defendía dos ataques externos erigueita nos "outeiros" dunha xeografía amparada por unha sonora toponimia hoxe perdida en moitos dos seus topónimos, pero si viva no mundo dos Coelerni, os seus primeiros poboadores.

E é que Celanova nace, para a vida da humanidade sedentaria, aproximadamente seis séculos antes da nova era, cando os historiadores comezan a encontrar vestixios no xacemento castrexo de Castromao, dende cuxo miráculo dominaban a súa xeografía máis inmediata, deseñada en forma de lenes vales e abas sempternas baixo as augas mansas do curso medio do enigmático río Arnoia e os seus non menos literarios afluentes, o Tuño y Sorgia.

Unha ocupación alimentada inicialmente pola caza e unha agricultura rústica aínda, comeza a conxugarse de pronto coa chegada do imperio romano, co que os seus poboadores acadan un pacto de hospitalidade no ano 132 d.C., que se coñece como "Tabula de Castromao" e que hoxe se conserva no Museo Arqueolóxico de Ourense como verdadeira carta natal desta terra.

Despois dos séculos escuros da ocupación sueva, nos albores da Alta Idade Media, o seu "continuum" xeográfico natural que foi Vilanova dos Infantes acolle a unha das máis poderosas familias do Noroeste peninsular da época, a dos Condes Gutier Menéndez e Ilduara Eiriz, os proxenitores de San Rosendo.

Emparentado coa familia real asturiana, San Rosendo crece ó abeiro do seu tío Sabarico II, a quen sucedería no bispado de San Martiño de Modoñedo, con tan só 18 anos.

O fillo primoxénito dos condes Gutier e Ilduara non gozaría, sen embargo, tanto dunha profunda vocación episcopal tanto dunha forte predisposición fundadora.

Así, despois de que en abril do ano 927, o rei Sancho Ordoñez de Galicia lle doase ós seus pais a "villae de Vilare", situada nas inmediacións da súa casa solar de Vilanova dos Infantes e de que eles lla doase respectivamente ó seu irmán Froila, San Rosendo viu cumprido o seu soño fundacional ó pasar ás súas mans estas terreos de Vilar en setembro do 936 e poder eriguer neles un cenobio "preto do río Sorgia, no val, baixo o monte Leboreiro".

Un gran número de doazóns iniciadas polos propio Froila e a súa dona Sarracina, ás que se uniron outras moitas realizadas pola nai de San Rosendo e outros valedores do mosteiro, serviron para que o 25 de setembro do 942 se celebrase a solemne beizón do templo, á que, segundo recolle Cid Rumbao na súa historia de Celanova, asistiron "os once bispos de Galicia e León, vintecatro condes e incontables abades e cargos eclesiásticos".

Dende o punto de vista da Celanova actual pódese afirmar que se fixa aquí un punto de inflexión na historia desta vila. Unha Celanova que empeza a vivir baixo os brazos protectores -algunhas veces non tanto- dun mosteiro que anque segue ó seu xeito a regra de San Benito, mantén tamén vixente durante varios séculos a súa independencia fonte á comunidade bieita.

Chegan anos de bonanza e de poder que lle outorgan ó cenobio o título honorífico de chegar a ser un dos mosteiros máis poderosos de España e que se conxugan no tempo con outros de non tanta opulencia, pero que van marcando no seu devalar diario o estigma co que todo celanovés crece: O da impronta que o propio San Rosendo deixou como legado ó longo dos máis de mil anos que a todos -e especialmente á capela de San Miguel- nos contemplan ("Deixovos unha obra marablliosamente edificada", escribiu no seu testamento).

Mil anos que segundo conta o historiador do Apóstolo Santiago, o tamén celanovés Mauro Castellá Ferrer, no ano 1610- xeraría no seu devir un edificio intermedio ("Yo alcancé a ver algunas piezas de la que ahora está reedificada de nuevo -dice Castellá Ferrer-. El grandor de las celdas sería de catorce pies en largo y otro tanto en ancho. Su altor era estado y medio, poco más, que apenas llegaría a dos. El techo pintado de rojo y blanco...") e finalmente a gran mole barroca que con tanto esplendor ten chegado ata os nosos días.

Ó pe de tan maxestoso edificio, superados os ventos desamortizadores do primeiro tercio do século XIX e cristalizada no tempo a aura das letras e as ciencias que, alén da propia relixión, coa que aquelas comunidades sucesivas tiñan impreso a Celanova, ían dar como resultado o nacemento dos herdeiros directos de Celanova e do seu mosteiro.

Coa Desamortización e a entrega do edificio por parte da Junta de Venta de Bienes del Estado ó Concello, o que ata aquel momento fora soamente un reducto para a cultura, o estudio e a oración empezou a pasar paulatinamente a mans públicas e a transformarse no centro social da vila.

E aínda que os grosos muros do "convento" tiñan dado outras xentes de letras tales como Frei Benito de la Cueva, o Padre Esteban ou Ordoño de Celanova, que chegou a contar ó seu xeito a "vida e milagres" do fundador, o gran referente literario aínda estaba por chegar.

Xurdiu en 1851 en forma da figura egrexia de Manuel Curros Enríquez, que deixou tras del unha estela seguida por outros coma Castor Elices, Fernández Losada, Manuel Lezón, Celso Emilio Ferreiro, Pepe Velo ou Xosé Luís Méndez Ferrín, que non teñen feito senón, cada un na súa faceta, un labor de continuación na historia, ligando para sempre o nome de Celanova coa cultura e dunha forma moi especial coas letras.

